

persoas a que se refire o artigo 24.3 da Lei 22/2003, do 9 de xullo.

4. O Colexio de Rexistradores publicará nunha sección especial de edictos concursais do mesmo portal na internet, sen custos para o interesado, o contido das notificacións, comunicacións e trámites do procedemento tales como os anuncios de convocatoria das xuntas de acredores, a formulación dos informes da Administración concursal con reprodución do seu contido e calquera outro previsto no artigo 23 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, cando o xuíz, por petición de parte ou de oficio, acordase esta forma de publicidade oficial complementaria.

Artigo 325. *Cancelación de asentos.*

1. As anotacións preventivas de situacións concursais cancelaranse de oficio ou por instancia de parte unha vez transcorrido o prazo de caducidade.

2. Os asentos relativos ao convenio cancelaranse mediante o mandamento xudicial ou testemuño do auto de conclusión do concurso por cumprimento do convenio.

3. Os demais asentos relativos a situacións concursais, salvo os referentes á sentenza de cualificación, serán cancelados mediante mandamento ou testemuño do auto de conclusión do concurso.

4. Os asentos relativos á cualificación do concurso de acredores serán cancelados polo rexistrador, de oficio ou por instancia de parte, unha vez transcorrido un mes desde a data en que finalizase a inhabilitación.

5. A folla rexistral da entidade extinguida como consecuencia da conclusión do concurso de acredores cancelárase en virtude do mandamento ou testemuño do auto de conclusión, unha vez que sexa firme.»

Disposición adicional única. *Entrada en funcionamento do portal.*

O ministro de Xustiza determinará a data de entrada en funcionamento do portal da internet, mediante orde que se publicará no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición transitoria única. *Resolucións concursais anteriores.*

O Colexio de Rexistradores da Propiedade, Mercantís e de Bens Mobles de España adoptará as medidas necesarias para incluír no portal o contido das resolucións concursais que se ditasen desde a entrada en vigor da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

O ministro de Xustiza poderá ditar cantas disposicións e resolucións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Coordinación da publicidade.*

O ministro de Xustiza, mediante orde, establecerá as exixencias tendentes a asegurar a coordinación entre a publicidade rexistral e a información pública das resolucións concursais, de forma que se permita o acceso unificado a toda a información relevante das situacións concursais nunha única plataforma técnico-informática pública.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza,

JUAN FERNANDO LÓPEZ AGUILAR

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

9875

REAL DECRETO 687/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, para regular o réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes, e se eleva a porcentaxe de gastos de difícil xustificación dos agricultores e gandeiros en estimación directa simplificada. («BOE» 139, do 11-6-2005.)

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, introduciu con efectos desde o 1 de xaneiro de 2004 un novo punto 5 no artigo 9 da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias. No devandito punto, actualmente recollido no punto 5 do artigo 9 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, establécese a posibilidade de que as persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poidan optar por tributar polo imposto sobre a renda de non-residentes nos termos e condicións sinalados no citado precepto.

Co obxecto de desenvolver o contido deste réxime especial e concretar certos aspectos necesarios para a súa aplicación, considérase oportuno incorporar ao Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, e ao abeiro da habilitación xeral prevista na disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, un novo título en que se regule o réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.

O real decreto que agora se aproba estrutúrase nun artigo, unha disposición adicional, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira.

No artigo único apróbese un novo título, o VII, do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, que comprende os artigos 111 a 118, e que vén regular o novo réxime especial.

En primeiro lugar, abórdase o ámbito de aplicación e especificase cando se consideran cumpridos algúns dos requisitos necesarios para poder optar, en particular, cando se considera cumprido o requisito de que os traballos se realicen efectivamente en España.

Así mesmo, desenvólvese o contido do réxime especial e efectúanse as correspondentes remisións á norma-

tiva do imposto sobre a renda de non-residentes, para os efectos de determinar a débeda tributaria polo imposto sobre a renda das persoas físicas.

Igualmente, regúlase o procedemento de exercicio da opción polo réxime especial, a cal se deberá realizar no prazo de seis meses desde o inicio da actividade en España, mediante comunicación á Administración tributaria, así como dos supostos de renuncia e da exclusión do réxime.

Finalmente, fíxanse os termos en que se certificará a residencia fiscal aos contribuíntes que opten pola aplicación deste réxime especial.

A disposición adicional única eleva, para o ano 2005, ao 10 por cento a porcentaxe aplicable sobre o rendemento neto para a cuantificación do conxunto de provisións deducibles e gastos de difícil xustificación, para os efectos da determinación do rendemento neto das actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada do método de estimación directa.

A disposición transitoria única establece o prazo de exercicio da opción pola aplicación deste réxime especial para os contribuíntes que adquiran a residencia fiscal en España como consecuencia dun desprazamento realizado con anterioridade á publicación da orde ministerial pola que se aprobe o modelo de comunicación da opción.

Por último, na disposición derradeira única regúlase a entrada en vigor deste real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xuño de 2005,

DISPÓÑO :

Artigo único. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo.*

Engádesse un novo título VII ao Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, coa seguinte redacción:

«TÍTULO VII

Réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes

Artigo 111. *Ámbito de aplicación.*

As persoas físicas que adquiran a súa residencia fiscal en España como consecuencia do seu desprazamento a territorio español poderán optar por tributar polo imposto sobre a renda de non-residentes, mantendo a condición de contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas, cando se cumpran as seguintes condicións:

a) Que non fosen residentes en España durante os 10 anos anteriores ao seu novo desprazamento a territorio español.

b) Que o desprazamento a territorio español se produza como consecuencia dun contrato de traballo. Entenderase cumprida esta condición cando se inicie unha relación laboral, ordinaria ou especial, ou estatutaria cun empregador en España, ou cando o desprazamento sexa ordenado polo empregador e exista unha carta de desprazamento deste, e o contribuínte non obteña rendas que se cualificarían como obtidas mediante un establecemento permanente situado en territorio español.

c) Que os traballos se realicen efectivamente en España. Entenderase cumprida esta condición mesmo cando parte dos traballos se presten no estranxeiro, sempre que a suma das retribucións

correspondentes aos citados traballos teñan ou non a consideración de rendas obtidas en territorio español de acordo co artigo 13.1.c) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, non exceda do 15 por cento de todas as contraprestacións do traballo percibidas en cada ano natural. Cando, en virtude do establecido no contrato de traballo, o contribuínte asuma funcións noutra empresa do grupo, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, fóra do territorio español, o límite anterior elevarase ao 30 por cento.

Cando non se poida acreditar a contía das retribucións específicas correspondentes aos traballos realizados no estranxeiro, para o cálculo da retribución correspondente aos devanditos traballos deberán tomarse en consideración os días que efectivamente o traballador estivo desprazado ao estranxeiro.

d) Que os devanditos traballos se realicen para unha empresa ou entidade residente en España ou para un establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español. Entenderase cumprida esta condición cando os servizos redunden en beneficio dunha empresa ou entidade residente en España ou dun establecemento permanente situado en España dunha entidade non residente en territorio español. No caso de que o desprazamento se produza no seo dun grupo de empresas, nos termos establecidos no artigo 42 do Código de comercio, e exclusivamente para estes efectos, será necesario que o traballador sexa contratado pola empresa do grupo residente en España ou que se produza un desprazamento a territorio español ordenado polo empregador.

e) Que os rendementos do traballo que deriven da devandita relación laboral non estean exentos de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.

Artigo 112. *Contido do réxime especial de tributación polo imposto sobre a renda de non-residentes.*

1. A aplicación deste réxime especial implicará a determinación da débeda tributaria do imposto sobre a renda das persoas físicas exclusivamente polas rendas obtidas en territorio español, consonte as normas establecidas no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, para as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente, salvo o disposto nos artigos 5, 6, 8, 9, 10 e 11 do capítulo I do citado texto refundido.

2. En particular, aplicaranse as seguintes regras:

a) Os contribuíntes que opten por este réxime especial tributarán de forma separada por cada devengo total ou parcial da renda sometida a gravame, sen que sexa posible compensación ningunha entre aquelas.

b) A base liquidable de cada renda calcularase para cada unha delas de acordo co establecido no artigo 24 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

c) A cota íntegra obterase aplicando á base liquidable os tipos de gravame previstos no artigo 25.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

d) A cota diferencial será o resultado de minorar a cota íntegra do imposto nas deducións na cota a que se refire o artigo 26 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes. Para os efectos previstos na alínea b) do citado artigo 26, ademais dos pagamentos á conta a que se refire o punto 3 seguinte, tamén resultarán deducibles as cotas satisfeitas á conta do imposto sobre a renda de non-residentes.

3. As retencións e ingresos á conta en concepto de pagamentos á conta deste réxime especial practícaranse de acordo co establecido na normativa do imposto sobre a renda de non-residentes. Emporiso, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 74.2.a), estarán obrigados a reter as entidades residentes ou os establecementos permanentes en que presten servizos os contribuíntes, en relación coas rendas que estes obteñan en territorio español.

O cumprimento das obrigas formais previstas no artigo 106, polas retencións e ingresos á conta a que se refire o parágrafo anterior, realizarase mediante os modelos de declaración previstos para o imposto sobre a renda de non-residentes para as rendas obtidas sen mediación de establecemento permanente.

4. Os contribuíntes aos que lles resulte de aplicación este réxime especial estarán obrigados a presentar e subscribir a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas, no modelo especial que aprobe o ministro de Economía e Facenda, o cal establecerá a forma, o lugar e os prazos da súa presentación, e cuxo contido se axustará aos modelos de declaración previstos para o imposto sobre a renda de non-residentes.

Ao mesmo tempo de presentar a súa declaración, os contribuíntes deberán determinar a débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, a forma e os prazos que determine o ministro de Economía e Facenda. Se resultase unha cantidade para devolver, a devolución de oficio practícarase de acordo co sinalado no artigo 105 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

5. Ás transmisións de bens inmobles situados en territorio español realizadas polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que opten pola aplicación deste réxime especial resultarálles de aplicación o previsto no artigo 25.2 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes.

6. Para os efectos de lle dar cumprimento ao establecido no artigo 18.2.a) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con Estatuto de autonomía, entenderase que a cota íntegra autonómica ou complementaria é o 33 por cento da prevista no punto 2.c) anterior.

Artigo 113. *Duración.*

Este réxime especial aplicarase durante o período impositivo en que o contribuínte adquira a súa residencia fiscal en España, e durante os cinco períodos impositivos seguintes, sen prexuízo do establecido nos artigos 115 e 116.

Para estes efectos, considerarase como período impositivo en que se adquira a residencia o primeiro ano natural en que, unha vez producido o despraza-

mento, a permanencia en territorio español sexa superior a 183 días.

Artigo 114. *Exercicio da opción.*

1. O exercicio da opción de tributar por este réxime especial deberase realizar mediante unha comunicación dirixida á Administración tributaria, no prazo máximo de seis meses desde a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España ou na documentación que lle permita, se é o caso, o mantemento da lexislación de Seguridade Social de orixe.

2. A opción exercerase mediante a presentación do modelo de comunicación a que se refire o artigo 117.

3. Non poderán exercer esta opción os contribuíntes que se acollesan ao procedemento especial para determinar as retencións ou ingresos á conta sobre os rendementos do traballo previsto no artigo 87.

Artigo 115. *Renuncia ao réxime.*

1. Os contribuíntes que optasen por este réxime especial poderán renunciar á súa aplicación durante os meses de novembro e decembro anteriores ao inicio do ano natural en que a renuncia deba producir efectos.

2. A renuncia efectuarase de acordo co seguinte procedemento:

a) En primeiro lugar, presentaralle ao seu retedor a comunicación de datos prevista no artigo 86, quen lle devolverá unha copia selada daquela.

b) En segundo lugar, presentará ante a Administración tributaria o modelo de comunicación previsto no artigo 117 e xuntará a copia selada da comunicación a que se refire o parágrafo anterior.

3. Os contribuíntes que renuncien a este réxime especial non poderán volver a optar pola súa aplicación.

Artigo 116. *Exclusión do réxime.*

1. Os contribuíntes que optasen pola aplicación deste réxime especial e que, con posterioridade ao exercicio da opción, incumpran algunha das condicións determinantes da súa aplicación quedarán excluídos do devandito réxime. A exclusión producirá efectos no período impositivo en que se produza o incumprimento.

2. Os contribuíntes excluídos do réxime deberánlle comunicar tal circunstancia á Administración tributaria no prazo dun mes desde o incumprimento das condicións que determinaron a súa aplicación, mediante o modelo de comunicación a que se refire o artigo 117.

3. As retencións e ingresos á conta practícaranse consonte as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas, desde o momento en que o contribuínte lle comunique ao seu retedor que incumpriu as condicións para a aplicación deste réxime especial, xuntando copia da comunicación a que se refire o punto anterior. Ao mesmo tempo, presentaralle ao seu retedor a comunicación de datos prevista no artigo 86.

Emporiso, cando o retedor coñeza o incumprimento das condicións previstas nas alíneas c), d) ou e) do artigo 111, as retencións e ingresos á conta practícaranse consonte as normas do imposto sobre a renda das persoas físicas desde o momento en que se produza o seu incumprimento.

O cálculo do novo tipo de retención efectuarase de acordo co previsto no artigo 85, tendo en conta a contía total das retribucións anuais.

4. Os contribuíntes excluídos deste réxime especial non poderán volver a optar pola súa aplicación.

Artigo 117. Comunicacions á Administración tributaria e acreditación do réxime.

1. A opción pola aplicación do réxime exercease mediante comunicación á Administración tributaria, a través do modelo que aprobe o ministro de Economía e Facenda, quen establecerá a forma e o lugar da súa presentación.

Na citada comunicación farase constar, entre outros datos, a identificación do traballador, do empregador e, se é o caso, da empresa ou entidade residente en España ou do establecemento permanente para o que se presten os servizos, a data de entrada en territorio español e a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España ou na documentación que permita, se é o caso, o mantemento da lexislación de Seguridade Social de orixe.

Así mesmo, xuntarase a seguinte documentación:

a) Cando se inicie unha relación laboral, ordinaria ou especial, ou estatutaria cun empregador en España, un documento xustificativo emitido polo empregador no cal se exprese o recoñecemento da relación laboral ou estatutaria co contribuínte, a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España, o centro de traballo e o seu enderezo, a duración do contrato de traballo e que o traballo se realizará efectivamente en España.

b) Cando se trate dun desprazamento ordenado polo seu empregador para prestar servizos a unha empresa ou entidade residente en España ou a un establecemento permanente situado en territorio español, un documento xustificativo emitido por estes últimos en que se exprese o recoñecemento da prestación de servizos para aqueles, ao cal se xuntará copia da carta de desprazamento do empregador, a data de inicio da actividade que conste na alta na Seguridade Social en España ou na documentación que permita, se é o caso, o mantemento da lexislación de Seguridade Social de orixe, o centro de traballo e o seu enderezo, a duración da orde de desprazamento e que o traballo se realizará efectivamente en España.

2. A Administración tributaria, á vista da comunicación presentada, expediralle ao contribuínte, se procede, no prazo máximo dos 10 días hábiles seguintes ao da presentación da comunicación, un documento acreditativo en que conste que o contribuínte optou pola aplicación deste réxime especial.

Este documento acreditativo servirá para xustificar, ante as persoas ou entidades obrigadas a practicar retención ou ingreso á conta, a súa condición de contribuínte por este réxime especial, para o cal lles entregará un exemplar do documento.

Artigo 118. Certificado de residencia fiscal.

1. Os contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que opten pola aplicación deste réxime especial poderán solicitar o certificado de residencia fiscal en España regulado na disposición adicional segunda da Orde HAC/3626/2003, do 23 de decembro, que figura no anexo 9 da devandita orde.

2. O ministro de Economía e Facenda poderá sinalar, coa condición de reciprocidade, os supostos en que se emitirán certificados para acreditar a condición de residente en España, para os efectos das disposicións dun convenio para evitar a dobre impo-

sición subscrito por España, aos contribuíntes que optasen pola aplicación deste réxime especial.»

Disposición adicional única. Determinación do rendemento neto na modalidade simplificada do método de estimación directa nas actividades agrícolas e gandeiras durante o ano 2005.

Con efectos exclusivos durante o ano 2005, para a determinación do rendemento neto das actividades agrícolas e gandeiras na modalidade simplificada do método de estimación directa, e para os efectos previstos na regra 2.^a do artigo 28 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, o conxunto das provisións deducibles e os gastos de difícil xustificación cuantificarase aplicando a porcentaxe do 10 por cento sobre o rendemento neto, excluído este concepto.

Disposición transitoria única. Prazo para o exercicio da opción polo réxime especial do artigo 9.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

1. Os contribuíntes que adquirisen a residencia fiscal en España en 2004 ou a adquiran en 2005, como consecuencia dun desprazamento realizado ata a data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da orde ministerial pola que se aprobe o modelo de comunicación da opción pola aplicación do réxime especial previsto no artigo 9.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, poderán exercer a opción dentro dos dous meses seguintes á citada data de publicación.

Malia o disposto no artigo 114.3 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, os contribuíntes que se acollisen ao procedemento especial para determinar as retencións ou ingresos á conta sobre os rendementos do traballo previsto no artigo 87 do devandito regulamento, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderán exercer a opción pola aplicación do réxime especial previsto no artigo 9.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas nos termos previstos no parágrafo anterior.

2. Cando se lles satisfixesen rendementos do traballo, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, a contribuíntes que con posterioridade optasen pola aplicación do réxime especial previsto no artigo 9.5 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, as retencións e ingresos á conta practicados ata a comunicación ao pagador do exercicio da opción de acordo co establecido no punto anterior, ben por este imposto, ben polo imposto sobre a renda de non-residentes, consideraranse correctamente practicadas, na medida en que estas se realizasen conforme a normativa dun ou outro imposto, e serán deducibles na declaración do contribuínte.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e resultará de aplicación aos períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2004.

Dado en Madrid o 10 de xuño de 2005.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
e ministro de Economía e Facenda,

PEDRO SOLBES MIRA